

ESTATUTOS

FEDERACIÓN PROVINCIAL

DE CONFRARÍAS DE

PESCADORES DA CORUÑA

RATIFICADO





FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA



INDICE

CAPÍTULO I.- DENOMINACIÓN, ÁMBITO TERRITORIAL E DOMICILIO

Artigo 1º.- Denominación.

Artigo 2º.- O ámbito territorial.

Artigo 3º.- Domicilio social.

CAPÍTULO II.- OBXECTO E FINS DA FEDERACIÓN.

Artigo 4º.- Obxecto e fins da Federación.

Artigo 5º.- Prazo de duración.

CAPÍTULO III.- PROCEDEMENTO DE ELECCIÓN DOS ORGANOS REITORES

Artigo 6º.- Réxime xurídico.

Artigo 7º.- Duración do mandato electoral.

Artigo 8º.- Convocatoria electoral.

Artigo. 9º.- Eleccións aos órganos de goberno da Federación.

Artigo 10º.- Da Mesa Electoral.

Artigo 11º.- Dos membros da Administración Electoral.

Artigo 12º.- Normas comúns do proceso electoral.

Artigo 13º.- Sistema electoral.

Artigo 14 º.-Toma de posesión do /a Presidente/a, vicepresidente/a primeiro/a e segundo/a e membros do Comité Executivo da Federación.

Artigo 15º.- Dos recursos.



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA



CAPÍTULO IV.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

Sección 1ª Seccións da Federación.

Artigo 16º.-Das seccións da Federación.

Sección 2ª.- Órganos da Federación.

Artigo 17º.- Dos órganos reitores

Artigo 18º.- Da xunta xeral.

Artigo 19º.- Funcións da xunta xeral.

Artigo 20º.- O Comité executivo e a súa composición.

Artigo 21º.- Do funcionamento da Xunta Xeral e do Comité Executivo.

Artigo 22º.- Do/a Presidente/a e a vicepresidente/a da Federación.

Artigo 23º.- Do/a Secretario/a.

Sección 3ª.- Disposicións Comúns Aos Órganos de Goberno.

Artigo 24º.- Das reunións da xunta xeral.

Artigo 25º.- Reunións do Comité Executivo.

Artigo 26º.- Convocatoria das reunións.

Artigo 27º.- A delegación de voto.

CAPÍTULO V.- ACORDOS, ALCANCE, OBRIGATORIEDADE E PUBLICIDADE DOS MESMOS.

Artigo 28º.- Acordos.

Artigo 29º.- Réxime interno de Actos e Acordos.

Artigo 30º.- Da acta dos órganos reitores.



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

RATIFICADO



25 XAN. 2022

CAPÍTULO VI. - RECURSOS ECONÓMICOS

Sección 1ª.- Patrimonio e recursos.

Artigo 31º.- Patrimonio da Federación.

Artigo 32º.- Recursos económicos.

Artigo 33º.- Cotas extraordinarias.

Sección 2ª.- Do orzamento e a súa elaboración.

Artigo 34º.- Do orzamento.

Artigo 35º.- Da súa elaboración.

Artigo 36º.- Da aprobación do orzamento.

Artigo 37º.- Da modificación orzamentaria.

Artigo 38º.- Da execución orzamentaria.

Artigo 39º.- Da representación.

Sección 3ª.- Das contas anuais

Artigo 40º.- Do réxime contable. -

Artigo 41º.- Das contas anuais.

Artigo 42º.- Da documentación contable e da obriga de legalización.

Artigo 43º.- Obriga de conservación das contas anuais.

Sección 4ª.- Da responsabilidade.

Artigo 44º.- Da responsabilidade.

Artigo 45º.- Da acción de responsabilidade.



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

RATIFICADO



CAPÍTULO VII.- SISTEMAS DE GARANTÍAS E RECURSOS

Artigo 46º.- Deber de legalidade.

Artigo 47º.- Petición, demandas e recursos dos membros.

Artigo 48º.- Recursos.

CAPÍTULO VIII.- RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 49º.- Do réxime disciplinario.

Artigo 50º.- Iniciación.

Artigo 51º.- Instrución.

Artigo 52º.- Resolución.

Artigo 53º.- Infraccións.

Artigo 54º.- Sancións.

Artigo 55º.- Prescrición.

Artigo 56º.- Responsabilidade civil.

Artigo 57º.- Outras responsabilidades.

CAPÍTULO IX.- REQUISITOS E PROCEDEMENTO PARA A ADHESIÓN, SEPARACIÓN OU EXPULSIÓN DE CALQUERA MEMBRO.

Artigo 58º.- Dos membros da Federación.

Artigo 59º.- Da adquisición da condición de membro.

Artigo 60º.- Da perda da condición de membro.

Artigo 61º.- Dereitos dos membros.

Artigo 62º.- Obrigas dos membros.

CAPÍTULO X.- DO PERSOAL.

Artigo 63º.- Do persoal laboral.



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

RATIFICADO



Artigo 64º.- Do Xerente.

Artigo 65º.- Réxime Disciplinario.

CAPÍTULO XI.- DESTINO DO PATRIMONIO PARA O CASO DA SÚA DESAPARICIÓN

Artigo 66º.- Da disolución da Federación.

CAPÍTULO XII.- ASOCIACIÓNS E CONVENIOS

Artigo 67º.- Dos convenios e das asociacións da Federación.

CAPÍTULO XIII.- DA REFORMA DOS ESTATUTOS

Artigo 68º.- Da reforma.



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

RATIFICADO



CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN, ÁMBITO TERRITORIAL E DOMICILIO

Artigo 1º.- Denominación.

A Federación Provincial de Cofradías de Pescadores da Provincia da Coruña, en adiante Federación, é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e capacidade de obrar, para o cumprimento dos fins e o exercicio das funcións que, estatutaria e legalmente lle están encomendadas segundo a Lei 9/1993 de Cofradías de Pescadores de Galicia, o Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as cofradías de pescadores de Galicia e as súas Federacións, tendo en conta as modificacións do Decreto 64/2018, de 7 de xuño e demais normativa que a desenvolva. A incorporación da/s cofradía/s na Federación non implica a perda da personalidade de cada unha delas.

Artigo 2º.- Ámbito territorial.

O seu ámbito territorial comprende toda a provincia costeira da Coruña.

Artigo 3º.- Domicilio social.

A Federación ten o seu domicilio social en Porto do Son, Peirao s/n, A Coruña, podendo o Comité Executivo acordar o cambio de domicilio dentro do seu ámbito territorial, dando conta a Xunta Xeral e á consellería competente en materia de pesca.

CAPÍTULO II

OBXECTO E FINS DA FEDERACIÓN

Artigo 4º.- Obxecto e fins da Federación.

Son obxectos e fins da Federación:



1. A Federación asumirá as seguintes funcións:

a) Actuar como un órgano de consulta e colaboración coa Administración pública na defensa e promoción do sector.

b) Representar as confrarías que a integran naquelas materias obxecto do seu ámbito de actuación.

c) Subministrar a información estatística que lle sexa requirida pola consellería, en relación coa súa propia actividade.

d) Xestionar e coordinar os intereses comúns das confrarías nela federadas, dirimindo en cuestións ou conflitos que nesta materia se poidan suscitar.

e) Asumir, no seu ámbito territorial, as funcións propias das seccións de organización da produción das confrarías que as integran nas mesmas condicións que as fixadas para estas.

f) Crear sociedades mercantís con fins sociais e económicos con entidades públicas ou privadas, en temas de interese do sector pesqueiro, promovendo o asociacionismo.

g) Contribuír ao mellor desenvolvemento do sistema socioeconómico, para adecuar as actividades pesqueiras ás exixencias dos tempos actuais mediante o fomento da formación dos membros e persoal das Federacións e as confrarías que a integran., impulsando a modernización do proceso comercial de forma que garante a rendibilidade do esforzo pesqueiro, promocionando os TIC.

h) Prestar asesoramento técnico e xurídico ás confrarías que a integran na elaboración dos orzamentos de ingresos e gastos e a súa contabilidade.

i) Aprobar os seus presupostos e fixar as aportacións das confrarías que a integran.

j) Emitir os informes, peritaxes e ditames que solicite a Administración ou outras institucións.

k) Ostentar a representación dos intereses pesqueiros comúns das Confrarías de Pescadores da Coruña en toda clase de Asembleas, Congresos, reunións de carácter xeral relacionadas co sector pesqueiro, ben de forma exclusiva ou en colaboración coa Administración ou con outras institucións, sen prexuízo da autonomía das devanditas.

l) Cantas accións ou obxectivos conduzan a incrementar a rendibilidade do esforzo pesqueiro, a unha explotación racional dos recursos e á mellora das condicións de traballo.

m) Coordinar as relacións entre Confrarías e a Administración.



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

RATIFICADO



n) Ser oída nos asuntos que estando relacionados coa vida socio-económica, afectan as Confrarías de Pescadores e informar con arranxo ás leis, nos organismos e entidades da Administración e outras Institucións.

o) Colaborar na ordenación das áreas marítimas, determinadas por razóns físicas ou de afinidade de intereses, dentro dunha formulación organizativa dos distintos sectores de produción e comercialización e a instalación e explotación polas Confrarías afectadas dos servizos que demande.

p) Impulsar a modernización do proceso comercial de forma que garanta a rendibilidade do esforzo pesqueiro e impida os desfasamentos que se produzan nos espazos de campaña, establecendo, no seu caso, unhas canles paralelas que aproximen a produción ao consumo.

q) Establecer acordos e convenios de colaboración para a defensa dos intereses da Federación con outras entidades, para a defensa dos intereses xerais, sempre que teñan un obxecto lícito e a súa consecución redunde nun mellor cumprimento dos seus fins, debendo remitir unha copia do acordo ou convenio á consellería competente en materia de pesca para o seu coñecemento. Os convenios fixarán o obxecto, as competencias dos órganos que o subscriben, os mecanismos de asistencia técnica e control, o réxime de financiamento e a súa duración. Os acordos de asociación e convenios de colaboración que se realicen serán obxecto de inscrición no rexistro a que fai referencia o capítulo X do Decreto 8/2014.

2. Desenvolver aquelas outras funcións que lle sexan atribuídas ou encomendadas pola consellería competente en materia de pesca.

3.- En ningún caso a Federación poderá asumir a totalidade das competencias asignadas ás Confrarias que a integran.

Artigo 5º.- Prazo de duración.

A Federación terá duración indefinida, disolvéndose polas causas legais e estatutariamente previstas.

CAPÍTULO III

PROCEDEMENTO DE ELECCIÓN DOS ORGANOS REITORES

Sección 1ª.- Normas electorais xerais



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

RATIFICADO



Artigo 6º.- Réxime xurídico.

As eleccións para a constitución ou renovación dos órganos reitores da Federación rexeranse polo que estableza o Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro e a Orde de 29 de abril do 2014(modificados polo decreto 64/2018) polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas Federacións, polas disposicións que o desenvolvan, así como polo que establezan estes estatutos ou regulamentos internos e, con carácter supletorio, polas normas vixentes sobre o réxime electoral xeral.

Artigo 7º.- Duración do mandato electoral.

1. A duración do mandato dos órganos reitores da Federación será de catro anos, podendo ser reelixidos por períodos de igual duración.
2. O prazo de catro anos empezará a contar desde o día seguinte ao da toma de posesión dos/as vogais da xunta xeral da Federación.
- 3.- Ata a finalización do proceso electoral os órganos de goberno seguirán en funcións, e poderán realizar unicamente actos de simple trámite ou de xestión ordinaria, os seus mandatos concluirán coa toma de posesión dos membros dos órganos reitores electos.

Artigo 8º.- Convocatoria electoral.

A Consellería competente en materia de pesca convocará eleccións para os membros do comité executivo, vicepresidentes/as e presidente/a da Federación.

Artigo 9º.- Eleccións aos órganos de goberno da Federación.

- 1.- Constituídos os cabidos das Confrarias de Pescadores, a Federación procederá no prazo de 15 días á elección dos membros do comité executivo, presidente/a e vicepresidentes/as da Federación.
- 2.-No primeiro pleno que realice a Federación elixirá os/as vogais que a representarán no comité executivo da Federación Galega de Confrarias.
- 3.- O/A secretario/a da federación provincial remitirá á xunta electoral constituída na consellería competente en materia de pesca, as actas correspondentes á



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

RATIFICADO



elección dos membros dos órganos reitores da Federación no prazo de tres días desde o seu levantamento.

Artigo 10º.- Da Mesa Electoral.

1.- A mesa electoral estará formada polo/a patrón/a de idade maior, que a presidirá, dous vogais que serán o/a patrón/patroa de idade menor e o/a vicepatrón/vicepatroa primeiro/a de maior idade, e o/a secretario/a da Federación.

2.-É obxecto da mesa electoral:

- a) Presidir a votación.
- b) Realizar o escrutinio e velar pola legalidade do sufraxio.
- c) Resolver as incidencias que se puidesen presentar durante a votación.

Constituirase a mesa electoral o día da votación, unha hora antes da apertura do colexio electoral.

Artigo 11º.- Dos membros da Administración Electoral.

Non poderán formar parte dos órganos da Administración Electoral os/as candidatos/as ás eleccións.

A aceptación da condición de membro da mesa electoral implica a renuncia a formar parte das candidaturas.

Artigo 12º. Normas comúns do proceso electoral.

1. O primeiro pleno da Xunta Xeral da Federación, integrado polos patróns/patroas e os/as Vicepatróns/as primeiro/a de cada confraría asociada, procederá á elección do/a presidente/a, vicepresidentes/as e dos/as compoñentes do comité executivo, da cordo coa regulación contida nestes estatutos.



2. Este pleno da Federación terá lugar dentro dos quince días seguintes a constitución dos cabidos das confrarías de pescadores, logo da convocatoria escrita do/a secretario/a por orde do presidente/a saínte da Federación.

3. Os candidatos/as a presidente/a presentarán, no mesmo acto, as súas candidaturas ao Pleno da Xunta Xeral e terán un tempo de defensa da mesma.

4. Presentadas a totalidade das candidaturas, iniciarase o proceso de votación que será único, persoal, directo e secreto.

5. Proclamarase presidente/a, o candidato que obteña o maior número de votos.

6. Nunha nova votación, serán elixidos/as os/as primeiros/as e segundos vicepresidentes/as, seguindo os criterios de paridade entre traballadores/as e empresarios/as.

7. Nunha terceira votación, os/as representantes serán elixidos/as no comité executivo da Federación, seguindo os criterios de paridade de traballadores/as e os empresarios/as.

8. No primeiro pleno da federación provincial, elixirán os/as tres vogais que os representarán no Comité Executivo da Federación Galega de Confrarías, respectando a paridade entre traballadores/as e empresarios/as.

9. O/A secretario da Federación remitiralle á Xunta Electoral, constituída na consellería competente en materia de pesca, as actas correspondentes da elección dos órganos de goberno no termo de tres días contados desde a data da reunión.

10. Contra o acordo de proclamación poderá interpoñerse, no prazo de tres días, recurso administrativo ante a xunta electoral, que o resolverá no prazo de cinco días.

11. Finalizado o prazo para a interposición de recursos ou, no seu caso, resoltos os recursos administrativos, a proclamación dos/as candidatos/as elixidos/as elevarase a definitiva.

12. Ao día seguinte da proclamación definitiva, os/as candidatos/as elixidos/as tomarán posesión dos seus cargos.

Artigo 13º.- Sistema electoral.

As candidaturas para vogal do Comité Executivo responderán ao sistema de listas abertas, tendo en conta los criterios de paridade entre empresarios/as e traballadores/as.



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA



Cada elector/a, que serán os membros da Xunta Xeral, votará por separado os candidatos/as, podendo dar o seu voto ao número máximo de vogais que integren o citado Comité.

Proclamaranse electos/as aqueles/as vogais que obteñan o maior número de votos, ata completar o número máximo de vogais que compoñen o Comité Executivo.

En caso de empate resolverase a favor do membro de maior antigüidade e, en segundo lugar, a favor do membro de maior idade e, se fose necesario, resolverase por sorteo.

Artigo 14º.- Toma de posesión do/a Presidente/a, dos Vicepresidentes/as e membros do Comité Executivo da Federación.

1. Ao día seguinte da proclamación definitiva dos cargos de Presidente/a, Vicepresidentes/as e Comité Executivo, procederase á toma de posesión dos cargos.
2. Con anterioridade ao acto de toma de posesión o Presidente/a saínte porá a disposición do entrante os libros de actas da Federación, así como os estados financeiros da mesma e a liquidación do orzamento con referencia á data da convocatoria do proceso electoral.
3. O/a Secretario/a levantará acta da toma de posesión dos membros dos órganos reitores incluídos neste artigo, así como da súa constitución e remitiráa no prazo de dous días á xunta electoral.

Artigo 15º. - Dos recursos.

Contra os actos e resolucións da Mesa Electoral os/as interesados/as poderán interpoñer recurso administrativo diante da xunta electoral.

CAPÍTULO IV

ESTRUTURA ORGANIZATIVA

Sección 1ª.- Seccións da Federación



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

RATIFICADO



Artigo 16º.- Das seccións da Federación.

- 1.- Cando a Federación desenvolva actividades de organización e comercialización da produción, poderá estruturarse en dúas seccións que se denominarán "orientación", que existirá en todo caso e "organización da produción".
- 2.- Ámbalas seccións disporán de órganos diferenciados e establecerán as súas propias normas de funcionamento, sen prexuízo do sometemento ás recollidas con carácter xeral por este estatuto.
- 3.- Cada sección contará cun xestor responsable encargado da xestión económica, designado pola Xunta Xeral a proposta do Comité Executivo, en todo caso, as seccións, así como o seu responsable estarán sometidas á xestión superior e control do Comité Executivo, baixo a supervisión e control do/a secretario da Federación
- 4.- Poderase constituír a sección de organización da produción, se a maioría absoluta dos membros da Xunta Xeral deciden.
- 5.- O acordo de creación da sección de organización da produción estará inscrito no rexistro regulado no capítulo X do Decreto 8/2014.

Sección 2ª.- Órganos da Federación

Artigo 17º.- Órganos reitores.

1. Os órganos reitores da Federación son: A Xunta Xeral, o Comité Executivo e o/a Presidente/a.
2. Os cargos electos só percibirán as indemnizacións que por razóns de servizo puidesen corresponder en cada caso, cuxa contía virá determinada nos orzamentos de ingresos e gastos aprobados anualmente pola Xunta Xeral.
- 3.- Os órganos reitores da Federación axustarán a súa actuación conforme á normativa vixente e aos seus acordos validamente adoptados, con sometemento expreso ao principio de legalidade, transparencia, democracia interna e funcionamento, recollido na Lei 40/2015, de 1 de outubro e a Lei 39/2015, de 1 de outubro.



RATIFICADO



Artigo 18º.- Da Xunta Xeral.

A Xunta Xeral estará formada polos/polas patróns/patroas maiores e vicepatróns/vicepatroas maiores primeiros/as de cada confraría federada. Estes/as conservarán a súa condición de membro da xunta xeral mentres exerzan ditos cargos, sendo substituídos/as polos/as que os/as sucedan, logo da certificación acreditativa de tal fin expedida polo secretario/a da respectiva confraría.

Artigo 19º.- Das Funcións da Xunta Xeral

Son funcións da xunta xeral:

- a) Elixir aos membros do comité executivo, presidente/a e vicepresidentes/as da Federación de acordo co procedemento electoral previsto nos estatutos.
- b) Nomear e cesar ao/a secretario/a da Federación a proposta do/a Presidente/a, e elixir o Comité Executivo.
- c) Elaborar, aprobar e modificar, total ou parcialmente, os estatutos e o regulamento de réxime interno da Federación.
- d) Aprobar os orzamentos e fixar as aportacións das Confrarías que a integran.
- e) Autorizar o establecemento de convenios con outras entidades.
- f) Aprobar os plan anuais de actuación e a memoria anual das actividades desenvoltas.
- g) Acordar as indemnizacións que por razóns de servizo correspondan aos cargos electos.
- h) Acordar a convocatoria de eleccións para cubrir vacantes nos órganos de goberno.
- i) Adoptar acordos relacionados coa adquisición e venda de bens inmobiliarios.
- j) Autorizar o/a Presidente/a para tomar diñeiro a préstamo, concertar avais e demais instrumentos financeiros, solicitar subvencións, celebrar convenios, concertos ou acordos, interpoñer recursos e formular litixios.
- k) Acordar a fixación das cotas ordinarias ou extraordinarias.



j) Velar pola aplicación dos acordos adoptados pola xunta xeral dando conta á mesma.

k) Para os supostos de urxencia xustificada ou en virtude da Delegación outorgada, poderá o Comité Executivo adoptar acordos da competencia da Xunta Xeral, dando conta a esta na próxima sesión que se celebre.

l) Nomear grupos de traballo e asesores para cuestións concretas.

Artigo 21º.- Do funcionamento da Xunta Xeral e do Comité Executivo.

A Xunta Xeral e o Comité Executivo adaptarán o seu funcionamento ao previsto na Sección Terceira Capítulo II, Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

Artigo 22º.- Do/Da o presidente/a e vicepresidentes/as da Federación.

1.- O presidente/a da Federación de confrarías exerce a representación e preside os seus órganos colexiados, participando nas súas reunións con voz e voto, o cal será de calidade para o caso de empate.

2.- Os/as vicepresidentes/as, en función da súa orde, substitúen ao/á presidente/a, nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

3.- O/A presidente/a e vicepresidentes/as serán elixidos/as polos membros da xunta xeral de entre eles, por un período de catro anos, podendo ser reelixidos/as. O/A vicepresidente/a primeiro/a deberá, en todo caso, pertencer a un colectivo distinto de aquel ao que pertenza o/a presidente/a.

4.- O/A presidente/a dará traslado dos acordos da xunta xeral á consellería competente en materia de pesca.

5. Correspóndelle O/A Presidente/a velar polo cumprimento dos acordos adoptados e, ademais das funcións que legalmente se determinen, estará dotado especificamente das seguintes:

a) O/A Presidente/a correspóndelle as funcións de alta dirección e xestión, a presidencia dos órganos de goberno e o seguimento da execución dos seus acordos, así como a representación legal da Federación. Atribuirase as funcións de ordenación e coordinación en relación coas Confrarías que a integran, así como colaborar coa Administración e cos Organismos que procedan.

b) Exercerá a dirección e xestión da Federación e dos seus servizos sen prexuízo da competencia dos órganos colexiados.



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

RATIFICADO



c) Vixiará o control da legalidade, o cumprimento estrito dos Estatutos e demais disposicións legais vixentes.

d) Convocar, presidir, suspender e levantar as reunións dos órganos de goberno da Federación e dirixir as deliberacións, decidindo os empates co voto de calidade.

e) Publicar, executar e cumprir os acordos dos órganos de goberno da Federación, salvo que exista causa legal de suspensión.

f) Incoar expediente disciplinario ao persoal da Federación de acordo coas normas regulamentarias que lle afecte.

g) Elaborar os orzamentos da Federación e desenrolar a xestión económica conforme a eles, acordar os gastos cuxa autorización non corresponda a outros órganos, ordenar pagamentos e render contas das operacións realizadas en cada exercicio na forma que establezan as normas regulamentarias.

h) Con carácter xeral, desempeñar todas as funcións que lle atribúan os presentes Estatutos e demais disposicións vixentes.

6.- O /A Presidente/a e Os/As Vicepresidentes/as da Federación poderán percibir unha indemnización por razóns do servizo. Dita contía será determinada nos orzamentos de ingresos e gastos aprobados anualmente pola xunta xeral.

Artigo 23º.- Do/Da Secretario/a da Xunta Xeral da Federación.

1. A Xunta Xeral da Federación designará un Secretario/a que, con voz e sen voto, redactará as actas das reunións dos órganos colexiados e desenrolará as seguintes funcións:

a) Asistir ás reunións, con voz pero sen voto.

b) Efectuar a convocatoria por orde do Presidente/a así como as citacións dos seus membros.

c) Recibir os actos de comunicación dos membros co Órgano, así como as notificacións, solicitude de datos, certificacións ou outra tipo de escrito dos que deba ter coñecemento.

d) Preparar o despacho dos asuntos e redactar as actas das sesións.

e) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.

f) Custodiar os libros de actas, selos da Federación e todos os documentos da mesma.



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

RATIFICADO



g) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de Secretario/a.

2. O procedemento para a provisión do Secretario/a da Federación será o seguinte:

- a) O procedemento iniciárase mediante convocatoria pública.
- b) O/A aspirante cumprirá os seguintes requisitos:

1.- Ser maior de idade.

2.- Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas, nin estar inhabilitado/a para o desempeño das funcións públicas.

3.- A titulación mínima requirida será a ESO (educación secundaria obrigatoria) ou equivalente.

c) Os termos da convocatoria fixéranse nas bases da mesma.

Sección 3ª.- Disposicións comúns aos órganos de goberno

Artigo 24º.- Reunións da Xunta Xeral.

1. O pleno da Xunta Xeral estará formado polos Patróns/as Maiores e Vicepatróns/as Maiores primeiros/as de cada unha das confrarías federadas e presidida polo Presidente/a da Federación ou persoa quen a substitúa.

2. A xunta xeral ordinaria celebrarase, polo menos cada seis meses, logo da convocatoria realizada por escrito polo/a secretario/a por orde do presidente/a e deberá ser dirixida a cada un dos membros da xunta xeral, con indicación do lugar, data e hora, en que terá lugar a reunión, así como a orde do día. A convocatoria deberá remitirse cunha antelación mínima de cinco días hábiles á data prevista para a reunión. As convocatorias poderanse remitir ós membros a través de medios electrónicos, facendo constar a mesma orde do día xunto coa documentación necesaria para a súa deliberación, sempre que sexa posible, as condicións nas que se vai celebrar a sesión, o sistema de conexión e, no seu caso, os lugares nos que están dispoñibles os medios técnicos necesarios para asistir e participar na reunión.



A xunta xeral extraordinaria terá lugar en calquera momento, cando o soliciten o/a Presidente/a, o Comité Executivo ou unha cuarta parte dos membros da xunta xeral. A convocatoria deberá ser cursada con tempo suficiente para o coñecemento dos asuntos que se vaian tratar.

3. Para a válida constitución da Xunta Xeral para a adopción de acordos, requírese a presenza do Presidente/a, Secretario/a, ou no seu caso persoas que os substitúan e, polo menos, a metade dos seus membros en primeira convocatoria, en segunda convocatoria celebrárase cos membros presentes ou representados, salvo quórum cualificado.

4. Poderán constituírse, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos e remitir actas tanto de forma presencial como a distancia. Nas sesións que celebren a distancia, os membros poderán encontrarse en distintos lugares sempre que se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén os telefónicos o audiovisuais, a identidade dos membros ou persoas que o representen, o contido das súas manifestacións, o momento en que estas se producen, así como a interactividade a intercomunicación entre eles en tempo real e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión. Entre outros, consideraranse incluídos entre os medios electrónicos válidos, o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias.

5. Para ser válidos os acordos adoptados pola Xunta Xeral deberán ser aprobados por maioría simple dos presentes ou representados, agás nos seguintes casos:

Requirirase maioría absoluta os acordos seguintes:

- a) A constitución da Sección da Organización da Producción.
- b) A Federación con outras Federaciós.

Requiriran a maioría das tres cuartas partes (3/4), os acordos referidos a:

- a) Aprobación e modificación total ou parcial dos estatutos e regulamentos de réxime interno.
- b) A fusión ou disolución da Federación, ratificada pola maioría absoluta das Xuntas Xerais das Confrarias asociadas.

Requirira a maioría de tres quintas partes (3/5), os acordos referidos a:

- a) O cese do Presidente da Federación.



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

RATIFICADO



Requirirase a maioría de 2/3 para acordar o establecemento de cotas extraordinarias.

6.- O/A secretario/a levantará acta de cada sesión que celebre a xunta xeral, respectando o disposto no artigo 30 destes estatutos. Poderán gravarse as sesións que se celebren. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida polo Secretario da autenticidade e integridade do mesmo, e cantos documentos en soporte electrónico se utilicen como documentos da sesión, poderán acompañar o acta das sesións, sen necesidade de facer constar os puntos principais das deliberacións. Cando se optase pola gravación das sesións celebradas o pola utilización de documentos en soporte electrónico, deberán conservarse de forma que se garante a integridade e autenticidade dos ficheiros electrónicos correspondentes e o acceso os mesmos.

Artigo 25º.- Reunións do Comité Executivo.

O Comité Executivo reuniranse ao menos unha vez cada dous meses, logo da convocatoria realizada por escrito polo/a secretario/a por orde do/a Presidente/a. Seranlle de aplicación as normas relativas a Xunta Xeral, si ben estará facultado para solicitar unha reunión extraordinaria calquera dos seus membros. O Comité Executivo, poderá autorizar a presenza nas súas reunións dun Comité Consultivo, con voz pero sen voto.

Artigo 26º.- Convocatorias das reunións.

1. As reunións convocaranse cunha antelación mínima de cinco días hábiles para a Xunta Xeral e con cinco días hábiles para o Comité Executivo da data prevista para a súa celebración e con remisión da Orde do Día comprensivo dos asuntos a tratar. A convocatoria poderase remitir ós membros a través de medios electrónicos, facendo constar ao mesmo tempo a orde do día xunto coa documentación necesaria para a súa deliberación, sempre sexa posible, as condicións nas que se va a celebrar a sesión, o sistema de conexión e, no seu caso, os lugares nos que están dispoñibles os medios técnicos necesarios para asistir e participar na reunión.

2.-En caso de urxencia, apreciada por O/ A Secretario/a, Presidente/a o algún dos membros do Comité, as reunións convocaranse co tempo necesario para notificarllo polo medio máis axeitado a cada membro.



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA



Artigo 27º.- A delegación de voto.

Admitirase a delegación de voto mediante representante, por escrito o por medios electrónicos, sempre que se presente ante O/A Presidente/a e O/A Secretario antes do inicio da reunión. En dito escrito firmado, deberán incluírse os datos do representante e reunión concreta para a que se concede a representación. Só poderá delegarse o voto a outro membro da Xunta Xeral da Federación. A delegación queda excluída do procedemento electoral.

CAPÍTULO V

ACORDOS, ALCANCE, OBRIGATORIEDADE E PUBLICIDADE DOS MESMOS

Artigo 28º.- Acordos.

Os órganos reitores da Federación axustarán as súas actuacións ao disposto nestes Estatutos e a os seus acordos validamente adoptados, en canto non contraveñan as disposicións legais.

Artigo 29º.- Réxime interno de Actos e Acordos.

1. Correspóndelle ao/á Presidente/a dirixir e debater os asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria, conceder e retirar a palabra aos intervinentes, declarar pechada a deliberación e someter as propostas a votación.

2. A liberdade de opinión que lles sexa recoñecida a todos os membros dos órganos reitores non ampara as manifestacións, actos ou palabras injuriosas ou gravemente ofensivas para as persoas ou institucións.

Aqueles que incorran nas mencionadas faltas serán amoestados pola Presidencia que poderá retirarlles o uso da palabra e mesmo expulsalos do local sen prexuízo das medidas de outra orde as que haxa lugar.

3. As votacións para adopción dos acordos levaranse a cabo en votación secreta, agás naqueles casos en que a totalidade dos membros acorden o contrario.

4. Os acordos adoptaranse por maioría simple dos vogais asistentes, salvo que a natureza do asunto requira e esixa por precepto legal a maioría cualificada. En caso de empate repetirase a votación e, de persistir, decidirá o voto de calidade



do/a Presidente/a. Finalizada a votación o/a Presidente/a dará a coñecer o resultado dos acordos adoptados.

5. Os actos e acordos dos órganos reitores da Federación son obrigatorios, vinculantes e executivos para os seus membros nos termos establecidos nas disposicións legais e a súa contravención poderá determinar as responsabilidades esixibles legal e estatutariamente.

6. Para os efectos de divulgación e publicación das disposicións, actos e acordos dos Órganos Reitores da Federación estarase ao establecido nas disposicións de carácter xeral coas seguintes particularidades:

A inserción no taboleiro de anuncios do extracto dos acordos manterase durante o prazo de quince días a partir da data da súa adopción ou ratificación, sen prexuízo de remitilos a cada Confraría membro da Federación.

Artigo 30º.- Da acta dos órganos reitores.

1. A acta do pleno da Xunta Xeral e do Comité Executivo, unha vez aprobadas e debidamente numeradas e firmadas en cada unha das súas follas polo/a Presidente/a e Secretario/a, incorporarase ao correspondente protocolo.

2. Durante cada reunión o/a Secretario/a levantará acta que recollerá os seguintes extremos:

a) Lugar de reunión, día, mes, ano e hora de inicio. O tempo no que se realizaron, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

b) Relación de asistentes e dos ausentes que escusaran a asistencias, así como dos que non a escusaron; asesores ou expertos que concorreron previa citación. Deberá indicarse na modalidade de asistencia ás reunións, segundo sexan presencial o por videoconferencia.

c) Carácter ordinario ou extraordinario da reunión e se se celebra en primeira ou segunda convocatoria.

d) Os asuntos que figuran na Orde do día e a parte dispositiva dos acordos que se adopten sobre os mesmos. Na acta constará, por solicitude dos respectivos membros do órgano, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e as razóns que a xustifiquen o sentido do seu voto.

e) Resultado da votación que se verifique cos sufraxios e especificación no seu caso das votacións nominais.

f) Puntos principais das deliberacións sintetizadas dos grupos ou fraccións de membros e os seus fundamentos.



g) Cantas incidencias ou reclamacións se produzan durante a sesión ou foran dignas, a xuízo do/a Secretario/a, de reseñarse.

h) Hora no que o/a Presidente/a levante a sesión.

3. Ao comezo de cada reunión, someterase á aprobación a acta da sesión anterior, que previamente tivo que ser enviada a tódolos/as membros da Xunta Xeral para a súa aprobación, salvo que fora aprobada inmediatamente despois da finalización da reunión.

CAPÍTULO VI RECURSOS ECONÓMICOS

Sección 1ª.- Patrimonio e recursos

Artigo 31º.- Patrimonio.

1. Patrimonio da Federación estará integrado por:

- a) Os bens e dereitos que posúe na actualidade e os que adquira no sucesivo.
- b) As doazóns, legados e calquera outro dereito adquirido.
- c) As accións e títulos representativos de capital de sociedades públicas ou privadas e as obrigas ou títulos análogos dos que a Federación sexa titular.
- d) Os dereitos de propiedade incorporal que puidese ter.

2. A titularidade do patrimonio inmovible quedará debidamente reflectida no Rexistro da Propiedade mediante a correspondente inscrición que se instará obrigatoriamente e baixo a súa responsabilidade polo órgano de goberno competente.

3. O inventario de bens e dereitos propiedade da Federación, clasificados e valorados economicamente será actualizado cada ano e aprobado polo Comité Executivo, dándosele coñecemento do mesmo ao Pleno da Xunta Xeral. Este inventario deberá ser achegarse xunto coas contas anuais da Federación.

4. O Patrimonio é indivisible e está ao servizo de todos os membros.



RATIFICADO



Artigo 32º.- Recursos económicos.

A Federación disporá dos seguintes recursos económicos:

- a) As cotas ordinarias e extraordinarias que deben satisfacer os seus membros.
- b) As cantidades recadadas, se é o caso, en concepto de cotas e aportacións voluntarias.
- c) Os dereitos e exencións legalmente recoñecidas.
- d) Os produtos e rendas dos seus bens, intereses das contas bancarias e demais activos financeiros.
- e) As doazóns, legados e axudas.
- f) As subvencións e demais consignacións orzamentarias que reciban con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Estado.
- g) Calquera outro recurso obtido de acordo coas disposicións legais e preceptos estatutarios.

Artigo 33º.- Cotas extraordinarias.

1. Por acordo da Xunta Xeral poderán establecerse cotas extraordinarias baixo algunha das seguintes formas:

- a) Exacción directa ás Confrarías federadas.
- b) Participación fixa ou alícuota nas cotas recadadas polas confrarías incorporadas á Federación constituída.

As cotas poden establecerse nun único pagamento, por entregas periódicas durante un tempo determinado ou por tempo indefinido segundo as necesidades a cubrir.

2. O establecemento de cotas extraordinarias deberá estar debidamente xustificado pola importancia dos obxectivos perseguidos, pola insuficiencia dos medios orzamentarios dispoñibles e pola correlación entre as contías das cotas e o beneficio directo que haberá de aportar aos obrigados ó seu pago.

3. O establecemento de cotas extraordinarias poderá ser promovido polo Comité Executivo ou polo pleno da Xunta Xeral, pero o acordo definitivo deberá ir precedido dunha Memoria a cargo do Comité Executivo na que se analice:



a) Necesidades que xustifiquen a implantación da cota e obxectivos que se pretendan acadar.

b) Medios requiridos para acadar o fin proposto.

c) Disponibilidades orzamentarias existentes na Federación.

d) Forma de recadación e de distribución das cargas, tarifas propostas ou incidencias económicas previsibles dos obrigados ao pago.

e) Beneficios previstos da aplicación dos recursos obtidos, norma contable e órgano de control.

f) Importe das cotas extraordinarias xa existentes na Confraría e que afectan á totalidade ou a unha parte dos que de acordo coa proposta figuran como obrigados ao pago.

4. A Xunta Xeral será convocada cunha antelación mínima de cinco días hábiles acompañando á convocatoria unha copia da memoria a que se refire o parágrafo anterior.

O acordo de implantación da cota deberá ser votado, polo menos, polas dúas terceiras partes, dos membros da Xunta Xeral.

Os resultados obtidos coas cotas extraordinarias poderán ser destinados a cubrir as atencións comúns do Orzamento Ordinario sempre que se xustifique a situación extraordinaria.

Sección 2ª.-Do orzamento e a súa elaboración

Artigo 34º.- Do orzamento.

1.- O funcionamento económico da Federación elaborase mediante o orzamento único de ingresos e gastos.

2.- O orzamento constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, puidesen recoñecer, e dos dereitos que se prevé liquidar durante o exercicio económico. O exercicio orzamentario coincidirá co ano natural.



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

RATIFICADO



Artigo 35º.- Da elaboración do orzamento.

O Comité Executivo elaborará o proxecto de Orzamento da Federación no que se integrarán as propostas de financiación dos proxectos que ultimen os responsables da xestión económica de cada sección.

Artigo 36º.- Da aprobación do orzamento.

1. O proxecto de orzamentos será aprobado pola Xunta Xeral a proposta do Comité Executivo, antes do día 31 de decembro do ano anterior ou do exercicio en que deba aplicarse.
2. O orzamento, unha vez aprobado en xunta xeral, estará exposto durante vinte días no taboleiro de anuncios da Federación para coñecemento dos membros. Antes de que remate o prazo de exposición pública, remitirán unha copia do orzamento á Consellería competente en materia de pesca.

Artigo 37º.- Da modificación orzamentaria.

1. As realización de obras e servizos non incluídos no orzamento, serán obxecto de modificación orzamentaria.
2. O Comité Executivo poderá acordar modificacións das partidas orzamentarias, sempre que illada e acumulativamente, non excedan do dez por cento do total do orzamento; e daralle coñecemento posterior á Xunta Xeral.
3. As modificacións orzamentarias que superen o dez por cento do total do orzamento serán aprobadas pola Xunta Xeral, a proposta do Comité Executivo.

Artigo 38º.- Da execución orzamentaria.

A execución do orzamento correspóndelle ao Comité Executivo. O/A Secretario/a informará ao Comité Executivo cunha periodicidade mínima trimestral, da execución do orzamento para que se realicen os axustes necesarios.



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

RATIFICADO



Artigo 39º.- Da representación.

O/A Presidente/a ostentará a representación da Federación para a celebración de toda clase de contratos nos que sexa parte, conforme aos acordos e instrucións do pleno da Xunta Xeral, quen de xeito expreso deberá outorgarlle esta facultade.

Sección 3ª.-Das contas anuais

Artigo 40º.- Do réxime contable.

1. A Federación levará un plan contable único, aprobado pola consellería competente en materia de facenda, sen prexuízo do cumprimento da Orde 17/12/1993, polo que se aproba o plan de contabilidade de confrarías e do Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, do Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas. Tamén é de aplicación, con peculiaridades propias, o disposto no título V, capítulo II, do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.
2. No plan contable reflectirase o movemento de ingresos e gastos, por separado, para cada unha das seccións nas que se estruturen, así como todas aquelas modificacións que se produzan a nivel patrimonial. Anualmente elaborárase o correspondente balance, no que se reflectirá a situación patrimonial, económica e financeira.
3. A Xunta de Galicia, a través da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, poderá exercer o control financeiro necesario sobre os gastos efectuados para a xestión das funcións descritas no parágrafo 2 do artigo 3 da Lei 9/1993, do 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia.
4. A Federación, por requirimento da consellería competente en materia de pesca, deberá someterse a unha auditoría externa de contas. A devandita obriga entenderase sen prexuízo das obrigas que poidan, se é o caso, corresponderlle cando sexa beneficiaria de subvencións con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia ou de fondos comunitarios.
5. En todo caso, a xestión económica, financeira, e as contas da Federación, estarán sometidas ao control do Consello de Contas, segundo o disposto na Lei 6/1985, do 24 de xullo, reguladora deste órgano, e nas súas disposicións de desenvolvemento.



Artigo 41º.- Das contas anuais.

1. As contas anuais da Federación comprenderán o balance, a conta de perdas e ganancias e a memoria, debendo ser formuladas polo comité executivo e aprobadas pola xunta xeral, dentro do primeiro semestre do ano seguinte a aquel ao que correspondan.

Coa presentación das contas anuais, que deberán ser asinadas en todas súas follas polos membros do comité executivo, deberá achegarse certificación do acordo de aprobación destas pola xunta xeral, coas sinaturas do/a Presidente/a e do/a secretario/a.

2. Garantírase a exposición pública do proxecto de contas no taboleiro de anuncios da Federación por un prazo mínimo de quince días. Durante este prazo todos os membros da xunta xeral poderán consultar a documentación xustificativa das operacións contables.

3. Unha vez aprobadas as contas anuais, non se autorizará a consulta da documentación soporte delas, sen prexuízo de que poderán ser requiridas pola Administración en calquera momento.

4. A Federación está obrigada a presentar as contas anuais ao Consello de Contas e á consellería competente en materia de pesca, xunto cunha certificación acreditativa do cumprimento das obrigas establecidas neste artigo, para o seu depósito no Rexistro de confrarías e das súas Federacións, dentro do prazo dun mes contado dende a súa aprobación pola xunta xeral. A Federación depositará as súas contas no rexistro mercantil, cando así o dispoña a normativa aplicable.

5. O inventario de bens e dereitos propiedade da Federación, debidamente clasificados e valorados economicamente, será actualizado cada ano e aprobado polo comité executivo, dándosele coñecemento ao pleno da xunta xeral, e traslado do mesmo á consellería competente en materia de pesca para súa inscrición no Rexistro de confrarías e das súas Federacións.

6. Este inventario deberá ser achegado á consellería competente en materia de pesca coas contas anuais.

7. Nos supostos de disolución e liquidación da Federación, os/as liquidadores/as estarán obrigados a presentar no Rexistro de confrarías e das súas Federacións a conta xeral de liquidación, e proposta de repartición do patrimonio da Federación en liquidación.



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

RATIFICADO



Artigo 42º.-Da documentación contable e da obriga de legalización.

1. A Federación levará en orde e ao día, segundo a normativa mercantil, se é o caso, o libro de inventarios e balance, e o libro diario, así como calquera outro libro que veña esixido por esta e outras disposicións legais.
2. Os libros que legal e obrigatoriamente levará a Federación, con carácter previo á súa utilización serán dilixenciados e legalizados polo rexistro mercantil, de ser o caso, cando así o dispoña a normativa aplicable, se a Federación realiza actividades económicas. No caso de que a Federación realice só actividade social, os libros serán dilixenciados polo/a secretario/a da Federación.
3. Non obstante o anterior, será válida a realización de asentamentos e anotacións por calquera procedemento axeitado, en páxinas encadernadas correlativamente para formar os libros obrigatorios, que serán presentados, se é o caso, no rexistro mercantil para a súa legalización antes de que transcorran os catro meses seguintes á data do peche do exercicio.
4. Os libros e demais documentos da Federación estarán baixo a custodia, vixilancia e responsabilidade do/a secretario/a.

Artigo 43º.- Obriga de conservación das contas anuais.

As contas anuais e documentos complementarios depositados no Rexistro de confrarías e das súas Federacións deberanse conservar por un período mínimo de seis anos dende a data da práctica do asento. A súa inscrición farase no Rexistro da consellería competente en materia de pesca.

Sección 4ª.- A responsabilidade

Artigo 44º.- Da responsabilidade.

1. O/A Presidente/a, os membros do Comité Executivo da Federación, responderán ante esta, e ante os socios e acredores da Federación, dos prexuízos causados por actos contrarios á lei ou aos Estatutos sen a debida dilixencia no desempeño do cargo.



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

RATIFICADO



2. Responderán solidariamente todos os membros dos Órganos Reitores que realicen ou actúen ou adopten un acordo lesivo. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan quedarán exentos da responsabilidade que, se é o caso, poidan derivarse dos acordos.
3. En ningún caso exonerará de responsabilidade a circunstancia de que o acto ou acordo lesivo fose adoptado ou ratificado pola Xunta Xeral da Federación.

Artigo 45º.- Da acción de responsabilidade.

1. A acción de responsabilidade contra os Administradores ou Xestores será exercida pola Federación, logo do acordo pola Xunta Xeral.
2. A aprobación das contas anuais non impedirá a renuncia ao exercicio da acción social de responsabilidade acordada ou exercida.

CAPÍTULO VII

SISTEMAS DE GARANTÍAS E RECURSOS

Artigo 46 º.- Deber de legalidade.

1. Os órganos de goberno da Federación acomodarán os seus actos e acordos á legalidade. Calquera dos seus membros e o/a Secretario/a do órgano de goberno deberán poñer de manifesto as infraccións que se advirtan.

Artigo 47º.- Petición, demandas e recursos dos membros.

Calquera membro poderá dirixir solicitudes, formular demandas ou interpoñer recursos diante dos órganos de goberno da Federación, segundo os procedementos que lle sexan de aplicación. En todo caso é deber dos órganos de goberno competentes dar xustificación das cuestións presentadas, orientar si houberse lugar para facelo, sobre os requisitos do procedemento, resolver segundo sexa procedente e notificarlle ao interesado o contido do acordo con indicación dos posibles recursos e prazos.



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

RATIFICADO



CAPÍTULO VII

SISTEMA DE GARANTÍAS E RECURSOS

Artigo 48º.- Recursos.

Contra os actos e acordos e disposicións da Federación adoptadas no exercicio das súas funcións públicas e suxeitas ao dereito administrativo, caberá recurso de alzada ante a consellería competente en materia de pesca, segundo o apartado 3 do artigo 7 da Lei 9/1993, do 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia, e seguindo o procedemento da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, tendo en todo caso esta consideración as seguintes cuestións:

- 1.- Constitución e funcionamento dos gobernos da Federación.
- 2.- Procesos electorais.
- 3.- Actos de afiliación.
- 4.- Disolución da Federación.

En materia de contratación de persoal por parte da Federación, a súa actividade patrimonial de carácter mercantil ou comercial, o seu réxime disciplinario, así como todas aquelas cuestións de natureza xurídica distinta ás sinaladas nos puntos anteriores, caberá recurso ante o órgano xurisdiccional competente, de acordo coas normas que lle sexan de aplicación.

CAPÍTULO VIII

RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 49º.- Do réxime disciplinario.

1. O incumprimento das obrigas dos afiliados/as da Federación poderá dar lugar á esixencia de responsabilidade a través do correspondente procedemento disciplinario.

O procedemento disciplinario requirirá, salvo para as faltas leves, a apertura dun expediente previo, conforme ao regulado neste capítulo.



2. Na tramitación destes procedementos disciplinarios será de aplicación a Lei 39/2015 e a Lei 40/2015.
3. Non se imporá sanción algunha por infraccións que non estean previamente tipificadas nestes estatutos.
4. Corresponde ao/á presidente/a incoar o expediente disciplinario, ben por propia iniciativa, por acordo da metade máis un dos membros do comité executivo ou da xunta xeral, ou por denuncia dun membro da Federación. No acordo de iniciación de expediente nomearase ao/á instrutor/a do procedemento.
5. As infraccións cometidas polos membros da Federación clasifícanse en leves, graves e moi graves.
6. As actuacións previas orientaranse a determinar coa maior precisión posible, os feitos susceptíbeis de motivar a incoación do procedemento, a identificación da persoa/s que puideran ser responsables e as circunstancias relevantes que concorran en uns e outros.

Artigo 50º.- Inicio.

1. O acordo de iniciación do expediente disciplinario formalizarase co contido mínimo seguinte:
 - a) Identificación da persoa ou persoas presuntos responsables.
 - b) Os feitos que motivan o expediente con indicación da posible cualificación e da sanción que puidese corresponder con suxeición ao resultado da instrución.
 - c) Nome do/a instrutor/a, que poderá ser recusado/a de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015.
 - d) Órgano competente para a resolución do procedemento e norma que lle atribúe tal competencia, coa indicación da posibilidade de que o presunto responsable poida recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade cos efectos previstos no artigo 85 da Lei 39/2015.
 - e) As medidas de carácter provisional que, no seu caso, fosen acordadas polo órgano competente para iniciar o procedemento sancionador, sen perxuício das que se puidesen adoptar durante o mesmo segundo o artigo 56 da Lei 39/2015.
 - f) Indicación do dereito a formular alegacións e ao trámite de audiencia no procedemento, e do prazo para o seu exercicio. Asemade deberá sinalar que no caso de non formular alegacións no prazo previsto sobre o contido do acordo



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

RATIFICADO



de iniciación, este poderá ser considerado proposta de resolución cando conteña un pronunciamento preciso acerca da responsabilidade imputada.

2. O acordo de iniciación deberá ser comunicado ao/a instrutor/a, e notificado ao/á interesada/a, advertindo de que no caso de non formular alegacións no prazo concedido, o acordo de iniciación poderá ser considerado proposta de resolución.

Artigo 51º.- Instrución.

1. Os interesados disporán dun prazo de quince días hábiles para achegar alegacións, documentos ou informacións que estimen convenientes, e no seu caso propor a práctica de probas.

2. Concluída, no seu caso a práctica da proba proposta que se estimase pertinente e aquela outra que acorde o/ instrutor/a, este formulará proposta de resolución na que se fixarán de forma motivada os feitos, con indicación dos que se consideren probados, a súa cualificación xurídica, determinando a infracción cometida e a sanción que se propón impor, así como a indicación da persoa responsable.

3. A proposta de resolución notificaráselle ao/á interesado/a concedéndolle un prazo de quince días hábiles para formular alegacións e achegar os documentos que considere pertinentes.

4. Salvo no caso de que o/a interesado/a non tivera feito alegacións no prazo concedido no apartado 1, poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento, nin sexan tidos en conta outras probas.

5. A proposta de resolución cursarase ao órgano competente para resolver, xunto con todos os documentos do procedemento e deberá ser motivada, coas especialidades contidas no artigo 89 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Artigo 52º.- Resolución.

1. O órgano competente para resolver poderá adoptar en calquera momento, mediante acordo motivado, as disposicións de carácter provisional que resulten necesarias para garantir a eficacia da resolución, en tanto non sexa executiva e que poderán consistir no mantemento das medidas provisionais que, no seu caso, se adoptasen, de conformidade co previsto no artigo 56 da Lei 39/2015, do



1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. O órgano competente para resolver ditará resolución motivada. A resolución formalizarase por calquera medio que acredite a vontade do órgano competente para adoptalo

A resolución que poña fin ao expediente deberá ser motivada e resolverá todas as cuestións formuladas no expediente. Deberá ser notificada dentro dos dez días seguintes desde a súa adopción, e incluirá necesariamente:

- a) A valoración das probas practicadas nas que se funde a decisión.
- b) A relación dos feitos probados, e a persoa ou persoas responsables.
- c) A tipificación, a infracción cometida e a sanción que se impón, de ser responsable dos feitos.
- d) De ser o caso o órgano xudicial perante o que deberán presentarse os recursos que procedan, e o prazo para interpoñelos

3. As resolucións notificaranse aos interesados, no prazo máximo de cinco días dende a data que se dita, debendo conter o texto íntegro da resolución.

4. As notificacións practicaranse por calquera medio que permita ter constancia da recepción polo interesado ou do seu representante, así como da data, a identidade e o contido do acto notificado. A acreditación da notificación deberá incorporarse ao expediente.

5. Cando o interesado ou o seu representante rexeite a notificación dunha actuación dentro do procedemento disciplinario, darase conta no expediente, especificándose as circunstancias do intento de notificación e terase por efectuado o trámite, seguindo o procedemento.

Artigo 53º.- Infraccións.

1. Considéranse infraccións leves:

- a) A falta inxustificada ás convocatorias de reunións, por tres veces consecutivas no curso dun ano.
- b) A falta de colaboración na aportación de datos e informes que non sexan exclusivos do dominio privado.
- c) A perturbación da orde nas reunións.
- d) Causar danos nos bens ou elementos das instalacións da Federación en contía non superior a 90,00 euros.



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

RATIFICADO



2. Considéranse infraccións graves:

- a) As palabras ou manifestacións ofensivas en relación cos órganos de goberno, coas persoas que os constitúen, ou co persoal da Federación.
- b) A inobservancia grave das regras de convivencia da vida asociativa.
- c) A reiteración de tres faltas leves, no prazo dun ano.
- d) O incumprimento ou desobediencia dos acordos dos órganos de goberno da Federación.
- e) A falta de respecto, desconsideración ou desobediencia aos membros da xunta xeral, comité executivo e presidente/a, ou ao persoal da Federación no desempeño das súas funcións.
- f) Causar danos nos bens ou elementos das instalacións da Federación en contía entre 90,01 euros ata 600,00 euros.
- g) Non aboar as cotas, derramas ou prestacións de servizos, nos prazos fixados.
- h) E aquelas outras que considere a Federación, dentro das competencias que lle outorga a legalidade vixente.

3. Considéranse infraccións moi graves:

- a) A agresión física aos/ás persoas membros ou persoal da Federación.
- b) A reiteración de tres faltas graves.
- c) Causar danos nos bens ou elementos das instalacións da Federación en contía igual ou superior a 600,01 euros.
- d) E aquelas outras que considere a Federación, dentro das competencias que lle atribúa a lexislación vixente.

Artigo 54º.- Sancións.

1. Identificadas as infraccións, as sancións graduaranse en función da negligencia, a intencionalidade, a reincidencia do/a infractor/a, así como a índole ou transcendencia do prexuízo causado á institución ou aos seus representantes.

2. De acordo cos criterios sinalados as sancións serán:

- a) Pola comisión de infraccións leves, amonestación ou multa de 50 a 150 euros graduando e motivando a decisión adoptada.



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

RATIFICADO



b) Pola comisión de infraccións graves, multa de 150,01 a 500 euros, levando parello a suspensión temporal do cargo representativo na Federación dende un mes ata seis meses.

c) Pola comisión de infraccións moi graves, expulsión da Federación ou suspensión do cargo de representación de 6 meses a 1 ano.

3. Imposta a sanción, o seu importe aboarase da seguinte forma:

- Por aboamento voluntario, admitíndose o pago fraccionado.
- Por exacción

4. As sancións impoñeranse por:

- O/a presidente/a as sancións leves.
- O comité executivo, as sancións graves.
- A xunta xeral, as sancións moi graves.

Artigo 55º.- Prescrición.

As infraccións previstas nestes estatutos prescribirán da seguinte forma: as leves aos seis meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día da comisión da infracción. Interrompe a prescrición da infracción a iniciación do procedemento disciplinario, con coñecemento do interesado, reanudándose o prazo de prescrición se o expediente disciplinario estivera paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contar a partir do día seguinte a aquel na que sexa executable a resolución por a que se impón a sanción ou transcorrido o prazo para recorrela. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo si aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.



RATIFICADO



Artigo 56º.- Responsabilidade civil.

Tanto nos supostos de infracción, como no incumprimento das obrigas establecidas no estatuto, o órgano que resolta o expediente poderá impoñer ao responsable a indemnización por danos e perdas a favor da Federación.

Artigo 57º.- Outras responsabilidades.

Se os órganos de goberno da Federación entenden que a conduta axuizada pode ser constitutiva de delito ou falta tipificada penalmente, denunciará tales feitos ante o órgano xurisdicional competente.

CAPÍTULO IX

REQUISITOS E PROCEDEMENTO DE ADHESIÓN, SEPARACIÓN OU EXPULSIÓN DE CALQUERA MEMBRO

Artigo 58º.- Dos membros da Federación.

1. Poderán ser membros da Federación as confrarías incluídas no seu ámbito territorial
2. A pertenza a esta Federación non implica a perda da personalidade de cada un dos membros que a integran.
3. Ningún membro da Federación poderá pertencer simultaneamente a outra Federación.
4. De conformidade co artigo 10.7 do Decreto 8/2014, a Federación poderá contar con membros colaboradores tendo dereito a voz pero non a voto. A súa admisión deberá ser aprobada pola Xunta Xeral.

Artigo 59º.- Da adquisición da condición de membro.

1. A condición de membro da Federación adquirese pola solicitude de afiliación, expresada por escrito e dirixida ó Presidente/a da Federación, no que



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

RATIFICADO



necesariamente deberá acompañar os documentos que figuran no apartado 5 desde artigo. A condición de membro da Federación atribúe, desde o momento da súa afiliación, a plenitude e igualdade dos dereitos e deberes inherentes a ela, con suxeición sen as limitacións reguladas neste estatuto para o dereito a ser elector ou elixible.

2. Será competente para decidir o ingreso na Federación o seu Comité Executivo, mediante acordo adoptado por maioría simple dos asistentes.

3. O comité executivo incluírá na orde do día da primeira reunión que celebre despois da presentación da solicitude de adhesión, sobre a resolución de alta como novo membro, notificando no prazo máximo dun mes a resolución adoptada logo de comprobación dos requisitos referidos no artigo anterior. De non ser admitida a solicitude, a resolución deberá ser xustificada e notificada ao interesado/a, no prazo máximo dun mes.

4. Contra a denegación ou admisión da confraría, caberá recurso de alzada ante a Consellería competente en materia de pesca.

5. A condición de membro da Federación adquirese pola solicitude de afiliación, manifestada por escrito e dirixida ó Presidente/a da Federación, logo da comprobación por parte do comité executivo do cumprimento dos seguintes requisitos e documentación:

a) certificado do acordo da maioría absoluta da Xunta Xeral onde se aprobou a solicitude de integración, facendo constar de xeito explícito a disposición de acatar as normas estatutarias e acordos dos órganos de goberno da Federación.

b) copia dos Estatutos da confraría debidamente ratificados pola consellería competente en materia de pesca.

c) Informe no que se faga constar as características da confraría así como a desagregación numérica das modalidades de actividade extractiva de recursos mariños representadas na mesma.

6. Na actualidade forman parte da Federación as Confrarías de: O Barqueiro, Espasante, Cariño, Cedeira, Ferrol, Barallobre, Pontedeume, Miño, Mugar dos, Ares, Sada, Lorbé, Mera, A Coruña, Caión, Malpica, Corme, Laxe, Camelle, Camariñas, Muxía, Corcubión, Fisterra, O Pindo, Lira, Muros, Noia, Portosin, Porto de Son, Cabo de Cruz, Pobra do Caramiñal, Rianxo, Carreira- Aguiño, Palmeira e Ribeira.

Artigo 60º.- Da perda da condición de membro.

1. A perda da condición de membro da Federación darase nos seguintes casos:



a) Pola solicitude de baixa expresada por escrito, dirixida ó Presidente da Federación, cunha antelación de trinta días.

b) Por deixar de reunir os requisitos esixidos para a súa adquisición por incumprimento das obrigas económicas coa Federación, ao constar que a confraría nos está o corrente do pago.

c) Expulsión da Federación logo de expediente disciplinario incoado para o efecto,

d) Por acordo adoptado polas dúas terceiras partes dos compoñentes do comité executivo , no seguintes casos:

- Por incumprimento das obrigacións establecidas nos estatutos.
- Por incumprimento dos acordos adoptados polos órganos de goberno da Federación.
- Polas condutas que deterioren gravemente a imaxe da Federación ou que vulneren os principios e obxectivos da mesma.

e) Por disolución.

2. No suposto b) do parágrafo anterior, será necesario dar trámite de audiencia ao/á interesado/a antes de facer efectiva a baixa, xunto con requirimento fidedigno no que se informe da cantidade total endebedada, así como o prazo para facela efectiva antes de proceder a acordar a súa baixa. A morosidade nas obrigas económicas provocará a suspensión inmediata tódolos dereitos do membro da Federación mentres non se regularice a súa situación.

Artigo 61º.- Dereitos dos membros da Federación.

Son dereitos dos membros da Federación:

a) Elixir e ser elixidos/as para cargos de representación e dirección dentro da Federación, e exercer, se así fosen elixidos/as, dita representación, sempre e cando cumplan os requisitos esixidos na normativa en vigor ao respecto.

b) Exercer accións e formular recursos en relación cos seus dereitos, e instar á Federación a que exerza as actuacións necesarias para a defensa dos seus membros

c) Participar en todos os actos e reunións que se deban convocar.

d) Solicitar ó Comité executivo as aclaracións e informes que sexan necesarios sobre o estado da administración, patrimonio, funcionamento e actuacións da Federación, en todos os aspectos que poidan afectarlle.

e) Utilizar os servizos da Federación



- f) Informar e ser informado, na forma adecuada das actuacións e funcionamento da Federación, así como das cuestións que a afecten.
- g) Reunirse na Federación para tratar temas e asuntos comúns propios da natureza dos intereses das confrarías membros, con suxeición ás normas estatutarias que regulen o exercicio deste dereito.
- h) Promover a constitución de comisións de estudo, mesas de traballo e de xestión de obras e servizos, de acordo cos presentes estatutos.
- i) Dispor dunha copia dos estatutos e dos regulamentos de réxime interior.
- j) Calquer outro dereito que puidese derivarse do contido dos presentes estatutos.

Artigo 62º.- Obrigas dos membros.

Son obrigas dos membros da Federación:

- a) Actuar da cordo cos estatutos, o regulamento de réxime interno da Federación e demais normativa de aplicación.
- b) Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno da Federación.
- c) Actuar con lealdade e boa fe, non obstaculizando o normal funcionamento da Federación.
- d) Satisfacer as cotas, derramas ou prestación de servizos que se establezan para o sostemento da Federación. Para o suposto de impago poderase acudir a vía da exacción para a súa reclamación, incoando expediente de suspensión de dereitos do membro moroso, logo da audiencia ó interesado.
- e) Participar como membro da mesa electoral cando sexa designado/a como integrante dela.
- f) Respetar a libre expresión e non obstaculizar as actividades da Federación.
- g) Facilitar información fidedigna e responsable en materias que non teñan carácter reservado, cando así lle sexa requirida á Federación.
- h) Cumprir os estatutos, regulamentos de réxime interior e demais normas de funcionamento da Federación.
- i) Participar, cando proceda, na elección dos órganos de goberno da Federación.



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA

RATIFICADO



CAPÍTULO X DO PERSOAL DA FEDERACIÓN

Artigo 63º.- Do persoal laboral.

O persoal laboral propio da Federación, contratado por esta, estará baixo a autoridade dos Órganos de Goberno competentes en cada caso.

As funcións que desempeñen serán determinadas polo Comité Executivo da cordo coas disposicións xerais.

Artigo 64º.- Do Xerente.

1. Para a xestión das Seccións coas que conta a Federación poderá contratar un Xerente que, ás ordes do Presidente/a e Secretario/a da Federación, terá atribuídas as funcións que lle sexan encomendadas polos órganos de goberno competentes en cada caso.
2. O Xerente dará conta da súa actuación ao Comité Executivo, Xunta Xeral, O/A Presidente e O/A Secretario da Federación.
3. Os servizos e persoal da Federación, estarán dirixidos técnica e administrativamente polo secretario da mesma, quen recibirá as directrices do/a presidente/a e executará os acordos que adopten a Xunta Xeral e a Comité Executivo.

Artigo 65º.- Réxime disciplinario do persoal.

O persoal contratado pola Federación aplicarase o réxime disciplinario que corresponda da cordo co Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e a lexislación concordante.

CAPÍTULO XI DESTINO DO PATRIMONIO PARA O CASO DA SÚA DESAPARICIÓN



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA



Artigo 66º.- Da disolución da Federación.

1. A disolución da Federación producirase polo acordo favorable das tres cuartas partes ($\frac{3}{4}$) das persoas membro da xunta xeral e ratificado pola maioría absoluta das xuntas xerais das confrarías que a compoñen. Esta disolución deberá ser aprobada mediante Decreto do Consello da Xunta de Galicia.
2. A disolución terá as consecuencias recollidas no Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas Federacións, e demais normativa que lle sexa de aplicación.
3. O destino dos bens e dereitos determinarase polo decreto que aprobe a disolución, que deberá ser, en primeiro termo, unha entidade sen ánimo de lucro e vinculada ó sector pesqueiro.

CAPÍTULO XII

ASOCIACIÓNS E CONVENIOS.

Artigo 67º.- Dos convenios e das asociacións da Federación.

1. A Federación poderá recorrer ás modalidades asociativas destinadas á xestión de determinados servizos de interese común, de acordo coa lexislación vixente en materia asociativa que lles sexa aplicable. Neste suposto, e unha vez aprobada a constitución da asociación polo órgano competente, deberá remitirse unha copia dos estatutos aprobados para proceder á inscrición da asociación no Rexistro de Confrarías e das súas Federacións.

2. A Federación está facultada para establecer, con outras entidades, acordos e convenios de colaboración para a defensa dos seus intereses xerais, sempre que teñan un obxecto lícito e a súa consecución redunde nun mellor cumprimento dos seus fins; deberán remitir unha copia do acordo ou convenio á Consellería competente en materia de pesca para o seu coñecemento.

Os convenios fixarán o obxecto, as competencias dos órganos que o subscriben, os mecanismos de asistencia técnica e control, o réxime do financiamento e a súa duración.

3. Os acordos de asociación e convenios de colaboración que se realicen serán obxecto de inscrición no Rexistro de Confrarías e das súas Federacións.



FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE COFRADÍAS DE PESCADORES
DE A CORUÑA



CAPÍTULO XIII DA RÉFORMA DOS ESTATUTOS

Artigo 68º.- Da reforma.

1. A reforma destes estatutos poderá ser proposta por:
 - a) Acordo de dous terzos ($\frac{2}{3}$) dos membros do comité executivo.
 - b) Acordo da metade máis un dos membros da xunta xeral.
 - c) Acordo das tres quintas ($\frac{3}{5}$) partes da confrarías asociadas.
 2. A proposta presentarase mediante escrito motivado asinado por tódolos propoñentes, indicando o obxecto da reforma, o artigo ou artigos a modificar, así como certificación expedida polo secretario/a da acta da reunión de xunta xeral ou comité executivo na que se tomou o acordo.
 3. No prazo máximo de dous meses, a xunta xeral da Federación deberá resolver a proposta formulada. O acordo favorable requirirá do apoio dos dous terzos ($\frac{2}{3}$) dos membros da xunta xeral.
 4. A modificación dos estatutos aprobados pola xunta xeral deberá presentarse para súa ratificación pola consellería competente en materia de pesca para a súa inscrición no Rexistro de Confrarías e das súas Federacións.
- Os presentes estatutos entrarán en vigor cando sexan inscritos no Rexistro de Confrarías e das súas Federacións.

En Porto do Son, a 21 de xaneiro de 2022

O PRESIDENTE

Firmado digitalmente por
76499043P MANUEL DANIEL
FORMOSO (R: V15041114)
Fecha: 2022.01.21 12:40:57
+01'00'

O SECRETARIO

Firmado digitalmente por
LONGUEIRA SUAREZ JESUS
RAMON - 33235237F
Fecha: 2022.01.21 12:41:24
+01'00'